

PROGRAMACIÓN DOCENTE DO TRABALLO FIN DE ESTUDOS
ESPECIALIDADE INTERPRETACIÓN
INTINERARIO PIANO
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)

Segundo a Orde EFP/365/2020 de abril, pola que se establecen o marco e as diretrizes de actuación para o segundo cuadrimestre do curso 2019-2020, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 e a Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: TRABALLO FIN DE ESTUDOS										
ESPECIALIDADE:	INTERPRETACIÓN							ITINERARIOS:	PIANO	
DEPARTAMENTO:	PIANO							XEFE DE DPTO.:	ROSA-MARÍA GARCÍA BARCIA	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso			COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	ROSA-MARÍA GARCÍA BARCIA		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	Observacións:	O alumno/a terá un titor/a asignado da especialidade, có que realizará as necesarias titorías para o asesoramento no correspondente traballo	
ECTS/CUAD.							10			
DOCENTES:	NOME E APELIDOS							TITORÍA		EMAIL/TEL/WEB
	José Manuel Yáñez Carballeira							Xoves, 8:00-9:00		jycarballeira@edu.xunta.es
	Julio Mourenza Torreiro							Martes, 14:00-15:00		juliomourenza@gmail.com
	Javier Ares Espiño							Venres, 10:00-11:00		javieraresespino@gamil.com
	Rosa-María García Barcia							Xoves, 9:30-10:30		garciabarcia@yahoo.es
	Elisa Timiraos Ferreiro							Luns, 14:00-15:00		elisatimi2@gmail.com
Enrique López Herreros							Mércores, 15:00-16:00		enriqueopher@gmail.com	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Interpretación dun concerto público con elaboración e defensa dun traballo académico que poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e itinerario.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Son coñecementos previos todos os abordados ao longo de todos os estudos conducentes á titulación na especialidade e itinerario correspondente. Requírese estar matriculado nos créditos da disciplina do traballo fin de estudos, así como o cumprimento dos prazos e normas establecidas no protocolo correspondente, aprobado polo centro. A presentación pública do TFE estará condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudos da súa especialidade.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A disciplina do traballo fin de estudos ten relación directa con todas as disciplinas da especialidade e itinerario correspondente.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X5, X6, X7, X8, X10, X13, X21, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI10
Ver a listaxe e a descrición de competencias no DECRETO 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADA
Elaborar e defender un traballo académico que integre, sintetice e aplique os coñecementos teóricos adquiridos o longo dos cursos e saber buscar e seleccionar información valorando o xeito crítico.	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X13, X25, E16.
Interpretar un concerto público onde se reflectan todos os coñecementos prácticos e artísticos adquiridos o longo das disciplinas cursadas.	T1, T2, T3, T6, T15, T16, X2, X3, X6, X7, X8, X13, X21, X25, E11, E12, E13, E14, E15, E18, E10.

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1.-Eercicio práctico. Interpretación ou elaboración dun traballo escrito complementario.	1.1.-Elección do programa presentado 1.2.-Resolución dos diferentes problemas técnicos e interpretativos 1.3.-Interpretación en público 1.4. Elección do tema do traballo complementario 1.5. Recollida e xestión de información	15
2.-Eercicio escrito. Traballo académico	2.1.-Elección do tema do traballo académico 2.2.-Recollida e xestión de información 2.3.-Exposición pública e debate	5
TOTAL SESIÓNS:	Variable dependendo das titorías recibidas polo alumno e do número de titorandos que teña asignado cada titor sobre un número aproximado de 20 sesións	
VER PUNTO 8: OBSERVACIÓNS		

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRIPCIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Proposta e elaboración dun programa de concerto	-	225	225
Proposta e elaboración dun traballo académico	-	55	55
Actividades introdutorias, titorías, probas públicas	20	-	20
TOTAL HORAS:			300

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRIPCIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Proposta e elaboración dun programa de concerto	-	225	225
Proposta e elaboración dun traballo académico	-	55	55
Actividades introdutorias, titorías, probas públicas	20	-	20
TOTAL HORAS:			300

6. AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
INTERPRETACIÓN (80% DA NOTA FINAL)			
Gravación de a lo menos 20 minutos do seu repertorio de TFE, ou	Dominio da técnica e virtuosismo instrumental	T1, T2, T3, T6, T15, T16, X2, X3, X6, X7, X8, X13, X21, X25, E11, E12, E13, E14, E15, E18, E10.	40%
	Madurez artística e interpretación		40%
	Control escénico e da memoria		20%
Traballo consensuado co titor	Coherencia no desenvolvemento das diferentes partes do traballo	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X13, X25, E16.	50 %
	Rigor científico do traballo presentado		50 %
TRABALLO ACADÉMICO (20% DA NOTA FINAL)			



Defensa pública do traballo presentado e debate	Coherencia no desenrolo das diferentes partes do traballo	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X13, X25, E16.	30%
	Rigor científico do traballo presentado		30%
	Exposición e debate		40%

Deberáanse aprobar os dous exercicios do TFE para superalo. A cualificación do TFE será única e calculada a partir da media aritmética das emitidas polos membros do tribunal presentes na sesión, expresada en termos numéricos con dous decimais. Eliminaráanse as cualificacións individuais dos membros do tribunal que difiran entre tres ou máis enteiros. No caso de empate entre cualificacións máximas e mínimas só será excluída unha de elas. No caso de non aprobar un dos dous exercicios, a nota final do TFE será a media aritmética entre as dúas notas ponderadas.

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No presente curso non cursa esta disciplina ningún alumno/a con necesidades educativas especiais	

8. OBSERVACIÓNS

CMUS A CORUÑA CURSO 2019-2020



O examinando deberá ter en conta a seguinte lexislación:

- Orde de 21 de novembro de 2016 (DOG 1/12/2016).
- Circular 10/2014.
- Protocolo para o desenvolvemento do TFE publicado polo Conservatorio Superior de Música de A Coruña

Convocatorias:

O número máximo de convocatorias para a superación do TFE é de dúas, unha ordinaria e outra extraordinaria. En aplicación da Orde do 21 de novembro de 2016, con carácter xeral, a "avaliación e cualificación correspondente á convocatoria ordinaria realizarase ao remate do segundo cuatrimestre de cada ano académico, e a correspondente á convocatoria extraordinaria realizarase no mes de xullo. De ser o caso, o alumnado que non supere ou non presente o TFE no curso escolar en que finaliza os estudos, terá dereito a utilizar as convocatorias correspondentes durante o primeiro cuatrimestre do seguinte ano académico".

A presentación ao TFE quedará condicionada a que o/a alumno/a supere todas as disciplinas que integran o plan de estudos correspondente á súa especialidade. En caso contrario a convocatoria do TFE será anulada de oficio polo centro.

O/A alumno/a poderá solicitar a anulación de convocatoria, aportado a motivación e documentos acreditativos que considere, e a dirección do centro resolverá o que proceda en aplicación da normativa vixente. Dita solicitude de anulación deberá presentarse antes da data de entrega do traballo.

Os/As alumnos/as de todas as especialidades deberán presentar, como parte do TFE unha memoria xustificativa do traballo realizado, que deberá conter un resumo desta nun idioma estranxeiro.

Datas de realización do TFE:

- 1- Alumnos que aproban todo na convocatoria ordinaria: convocatoria ordinaria do 1 de xuño ao 8 de xullo, e a extraordinaria ao longo do 1º cuatrimestre do seguinte curso, ata o remate do período lectivo do primeiro cuatrimestre.
2. Alumnos que aproban todo na convocatoria extraordinaria de xuño: convocatoria ordinaria do 5 de outubro ao 6 de novembro do seguinte curso e convocatoria extraordinaria ata o 12 de marzo.
3. Alumnos que aproban todo no adianto de convocatoria de decembro ou na convocatoria ordinaria do 1º cuatrimestre: a convocatoria ordinaria será do 3 de febreiro ao 13 de marzo ou do 1 de xuño ao 8 de xullo, e a convocatoria extraordinaria, en caso de ter realizado a ordinaria entre o 3 de febreiro e o 13 de marzo, a extraordinaria será entre o de xuño e o 8 de xullo, e, en caso de ter realizado a ordinaria entre o 1 de xuño e o 8 de xullo, a extraordinaria será ata o 22 de xaneiro do seguinte curso.

Procedementos e fases:

1. O 21 de outubro publicarase no taboleiro de anuncios listaxe coa asignación dos profesores/as titores/as para o TFE.
2. Proposta dirixida ao departamento da súa especialidade, do tema concreto que pretende desenvolver e do programa a interpretar. As propostas presentarase na secretaría administrativa do centro cumprimentando o modelo correspondente, que deberá levar a aprobación inicial do titor asignado. A data límite será o **15 de novembro**. A proposta do tema constará alomenos dos seguintes puntos: Título, Xustificación e Índice xeral. Esta solicitude cumprimentarase na web do centro (no apartado de secretaría), procedendo á súa posterior impresión e entrega na secretaría administrativa do centro.
3. Aceptación da proposta por parte do Departamento, que terá de prazo para resolver ata o **27 de novembro**. De non considerarse idónea a proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo departamento ou formular unha nova proposta. Neste caso, o/a alumno/a disporá dun prazo de 10 días naturais en período lectivo, para reformular a súa proposta. Se ao longo do desenvolvemento do traballo xurdise a necesidade de modificar o programa do concerto de TFE, o/a alumno/a solicitará mediante instancia dirixida ó departamento correspondente, e unha vez revisada a petición, resolverá o que proceda, informando directamente ó/a alumno/a a través do correo electrónico. O prazo para presentar a proposta de modificación será o que determine o departamento correspondente, reflectido na programación docente do TFE. OS ALUMNOS QUE APROBEN DISCIPLINAS NAS DATAS DE ADIANTO DE CONVOCATORIA E SE MATRICULEN DO TFE EN DECEMBRO REALIZARÁN A SOLICITUDE DE TITOR E A PROPOSTA DE TEMA ENTRE O 14 E O 18 DE DECEMBRO. A ACEPTACIÓN DA PROPOSTA POR PARTE DO DEPARTAMENTO REALIZARASE ANTES DO 12 DE XANEIRO.
4. O/A alumno/a entregará o traballo na secretaría do centro nas datas que se determinen a tal efecto, que con carácter xeral ha de ser posterior á publicación das cualificacións e en calquera caso, **con tres semanas de antelación sobre a data do exame**. En caso de non presentalo no prazo establecido non se convocará o tribunal e o alumno non poderá realizar o exame. Presentarase no formato establecido na Circular 10/2014, apartado 3.2, e cumprimentando o formulario correspondente, que levará o visto bo do/a profesor/a titor/a. Entregarase unha copia en papel debidamente encuadernada, máis unha copia en formato dixital, que será enviada ó correo de vicedirección@csmcoruna.com xunto co programa a interpretar e toda canta información se queira aportar para a elaboración dos programas de man, que alomenos deberán conter: programa a interpretar (autor, obra, movemento, etc.), músicos participantes (de ser o caso), breve currículo do/a alumno/a, mais o que cada departamento especifique ó respecto na súa programación do TFE. Os programas de man e carteis serán elaborados polo centro.
O traballo académico poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elexido, do seu instrumento, ou calquera temática relacionada coa especialidade, tanto en aspectos históricos, estilísticos como didácticos, e aprobado polo Departamento. Deberá ter unha extensión mínima de 20 páxinas tamaño DIN A4 e mínimo 5500 palabras, letra Arial tamaño 12, a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas os títulos e o índice.
Dito traballo deberá conter un resumo do mesmo en galego, castelá e un idioma estranxeiro.
5. Ademais do traballo académico, os/as alumnos/as realizarán un concerto público.
6. Deberá consultarse a circular vixente 10/2014, a Orde do 21 de novembro de 2016 (dispoñibles na web do centro no apartado de lexislación) así como a Programación docente do TFE, onde se reflecten, entre outras especificacións, os Obxectivos, Contidos e Criterios/Ferramentas de avaliación que rexirán para o mesmo.

De xeito particular o Departamento de Piano acorda o seguinte:

1. A presentación da proposta do programa a interpretar, que deberá incluír a duración, e do traballo escrito deberá presentala o titor ao departamento na mesma data límite, é dicir o 15 de novembro. De existir unha rectificación ou modificación posterior terá que presentalo o titor ao departamento con data límite de 8 semanas de antelación sobre a data de exame.
2. Para calquera das dúas partes do TFE o examinando poderá utilizar o material existente no centro que considere oportuno se ben terá a obriga de comunicar cales son as súas necesidades de material ao Departamento como mínimo no mesmo momento de presentar o traballo escrito para posibilitar a dispoñibilidade do mesmo.
3. A realización de ambas probas deberá facerse como máximo nun período non superior a dous días hábiles consecutivos.

Na proba de Interpretación:

1. A duración deberá ser entre 45' e 70' minutos de música con posibilidade dun descanso opcional que non computará no tempo e que non debe exceder de 15 minutos.
2. O repertorio presentado será aberto e libre, sempre coa supervisión por parte do titor e pendente da aceptación do departamento. Poderanse presentar, se así o decide libremente o examinando, obras de cámara tendo en conta que, como mínimo, 45' minutos deberán ser de repertorio pianístico (inclúese neste grupo o repertorio de piano como solista). Se fose o caso, de presentar obras de cámara estas pódense interpretar con partitura.
3. Así mesmo poderán presentarse notas ao programa do concerto.

Na proba do traballo escrito:

1. A duración da exposición pública terá unha duración máxima de 20 minutos. O tribunal poderá empregar un máximo de 10 minutos para o debate posterior á exposición, non podendo superar a suma de exposición e debate os 30 minutos.
2. Deberá incluír unha portada, os datos do examinando, un resumo en galego, outro en castelán e outro nun idioma estranxeiro, un índice e as pertinentes referencias bibliográficas.
3. **Deberá consultarse a circular 10/2014 en canto ao formato para a redacción do traballo**
4. **Cando se detecte nun traballo entregado plaxio ou defecto de forma, este será cualificado numéricamente co 0**